

BASES QUE REGULAN A INSCRICIÓN NO CAMPUS DE VERÁN 'OS PATOS' 2022

As presentes bases regularan o proceso de inscrición no Campus 'Os patos' que forma parte do programa 'Respiro familiar' que se puxo en marcha no ano 2021. Unha actividade lúdica, e ao tempo formativa, cuxos contidos son principalmente de carácter educativo e deportivo que se van a realizar principalmente nas piscinas municipais, e noutros espazos como o pavillón deportivo, Casa da Mocidade e en espazos naturais do Municipio.

1. ACTIVIDADES/ CRONOGRAMA / PRAZAS

1.1 Ofértanse un total de dez quendas. Cada quenda terá unha duración dunha semana repartidas da seguinte maneira:

CAMPUS LÚDICO EDUCATIVO 'OS PATOS'

CAMPUS/ TÉMÁTICA	QUENDAS SEMANAIS	CODIGO/PROGRAMA	PREZO POR QUENDA
CAMPUS OS PATOS (XOGOS ACUÁTICOS, ACTIVIDADES RECREATIVAS, MANUALIDADES, DEPORTE E NATUREZA) DE 9.15 A 14.15 H. LUGAR: PISCINAS MUNICIPAIS	27 de xuño ao 1 de xullo	P001/ Programa 1 (azul)	20€
	4 ao 8 de xullo	P002/ Programa 2 (verde)	
	11 ao 15 de xullo	P003/ Programa 1 (azul)	
	18 ao 22 de xullo	P004/ Programa 2 (verde)	
	25 ao 29 de xullo	P005/ Programa 1 (azul)	
	1 ao 5 de agosto	P006 / Programa 2 (verde)	
	8 ao 12 de agosto	P007 / Programa 1 (azul)	
	15 ao 19 de agosto	P008/ Programa 2 (verde)	
	22 ao 26 de agosto	P009/ Programa 1 (azul)	
	29 de agosto ao 2 de setembro	P010/ Programa 2 (verde)	

(Táboa 1)

PROGRAMAS					
PROGRAMA 1	LUNS CREAMOS MANUALIDADES	MARTES NATUREZA NATUREZA	MÉRCORES XOGAMOS XOGOS DE MESA	XOVES COCIÑAMOS COCIÑA	VENRES CELEBRAMOS FESTA
PROGRAMA 2	LUNS CREAMOS ARTE	MARTES NATUREZA PRIMEIROS AUXILIOS E SALVAMENTO	MÉRCORES XOGAMOS XOGOS POPULARES	XOVES COCIÑAMOS COCIÑA	VENRES CELEBRAMOS FESTA

(Táboa 2)

1.2 O numero de prazas por quenda é de 20 participantes, esto é un total de 200 prazas en todo o verán.

1.3 Poderánse solicitar ata 4 quendas por orden de prioridade. Os solicitantes deberán ter en conta que existen dous tipos de programación, azul e verde (taboa 2) e que se repite nas diferentes quendas (táboa 1).

1.4 No caso de que quedasen prazas libres poranse a disposición dos solicitantes, ou ben poderase ampliar os prazos para novos solicitantes no suposto de non cubrir todas as prazas.

1.5 Este programa poderá sufrir modificacións en función das circunstancias meteorolóxicas e das medidas sanitarias que sexa necesario adoptar para garantir a seguridade das persoas adxudicatarias debido á situación creada polo COVID-19.

2. REQUISITOS DE ACCESO

2.1 A idade mínima para participar será dos 6 anos que os participantes terán que ter cumpridos antes do inicio da quenda correspondente.

2.2 A idade máxima para participar será de 12 anos.

2.3 Terán prioridade os/as solicitantes empadroados no concello.

2.4 Os solicitantes poderán participar ata en catro quendas, que poden solicitar por orde de prioridade. (Con todo, antes de conceder a segunda, terceira e cuarta quenda darase prioridade a quen non participase en nungunha destas).

2.5 Os/as solicitantes terán que ter en conta que os contidos das diferentes actividades teñen unha **dificultade media-alta**, polo que por seguridade para participar é **obrigatorio saber nadar e/ou ter capacidade de flotación**. Da mesma maneira, as persoas con diversidade funcional deberán ter en conta esta condición e que as súas limitacións e/ou necesidades especiais lles permitan participar e poder beneficiarse das actividades programadas. En función do tipo de discapacidade, poderá excepcionarse a participación neste programa.

3. PRAZOS E ADXUDICACIÓN

3.1 O prazo de inscrición será do 1 ao 10 de xuño (ámbolos dous incluídos).

3.2 A adxudicación das prazas realizarase de maneira directa, por rigorosa orde de inscrición e do xeito que se sinala no artigo 2 destas bases.

3.3 O día 15 de xuño publicarase a listaxe provisional de admitidos no taboleiro da Casa da Xuventude e na páxina web do concello.

4. INSCRICIÓNS

4.1 As inscricións poderán realizarse presentado o modelo de solicitude do **anexo 2** e por unha das seguintes formas:

- De forma telemática a través da sede electrónica do Concello de Barbadás <https://barbadas.sedelectronica.gal/>.
- De forma presencial no rexistro con cita previa (Casa do Concello 988360000, Oficinas Municipais da Valenzá 988393168)
- En calquera dos rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015.

4.2 O horario das oficinas para realizar a inscrición de forma presencial será de luns a venres de 8,30 a 14.30 horas.

4.3 Os datos reflectidos na documentación presentada deberán ser certos na súa totalidade; de non ser así, suporá a baixa automática e a perda de todos os dereitos de participación na actividade.

5. PREZOS E PAGAMENTO

5.1 O Custo da praza para o Campus de 20€ por quenda semanal.

5.2 Os solicitantes admitidos deberán realizar o pagamento como mínimo cunha semana de antelación ao inicio de cada quenda adxudicada, e presentarán o xustificante na Casa da Mocidade persoalmente ou no e-mail xuventude@barbadas.es , dando por confirmada a súa praza.

5.3 O pagamento deberá realizarse mediante ingreso ou transferencia bancaria ó número de conta/IBAN: ES78 2080 0470 2931 10000065, indicando o código da actividade e quenda correspondente, e nome e apelidos do/a menor.

5.4 Unha vez efectuado o ingreso correspondente, non se devolverá o importe satisfeito salvo se acredite a imposibilidade do neno/a de asistir á actividade mediante certificado médico que deberá presentarse cun mínimo de antelación de 48 horas antes do inicio da actividade.

6. ORGANIZA

Concello de Barbadás

Concellería de Deportes e Mocidade

Contacto: Casa da Mocidade de Barbadás

Tel.: 9883000234

e-mail: xuventude@barbadas.es

ANEXO 1
CAMPUS LÚDICO EDUCATIVO 'OS PATOS'

CAMPUS/ TÉMÁTICA	QUENDAS SEMANAIS	CODIGO/PROGRAMA
CAMPUS OS PATOS (XOGOS ACUÁTICOS, ACTIVIDADES RECREATIVAS, MANUALIDADES, DEPORTE E NATUREZA) DE 9.15 A 14.15 H. LUGAR: PISCINAS MUNICIPAIS	27 de xuño ao 1 de xullo	P001/ Programa 1 (azul)
	4 ao 8 de xullo	P002/ Programa 2 (verde)
	11 ao 15 de xullo	P003/ Programa 1 (azul)
	18 ao 22 de xullo	P004/ Programa 2 (verde)
	25 ao 29 de xullo	P005/ Programa 1 (azul)
	1 ao 5 de agosto	P006 / Programa 2 (verde)
	8 ao 12 de agosto	P007 / Programa 1 (azul)
	15 ao 19 de agosto	P008/ Programa 2 (verde)
	22 ao 26 de agosto	P009/ Programa 1 (azul)
	29 de agosto ao 2 de setembro	P010/ Programa 2 (verde)

(táboa 1)

PROGRAMAS					
PROGRAMA 1	LUNS CREAMOS MANUALIDADES	MARTES NATUREZA NATUREZA	MÉRCORES XOGAMOS XOGOS DE MESA	XOVES COCIÑAMOS COCIÑA	VENRES CELEBRAMOS FESTA
PROGRAMA 2	LUNS CREAMOS ARTE	MARTES NATUREZA PRIMEIROS AUXILIOS E SALVAMENTO	MÉRCORES XOGAMOS XOGOS POPULARES	XOVES COCIÑAMOS COCIÑA	VENRES CELEBRAMOS FESTA

(táboa 2)

ANEXO 2- SOLICITUDE INDIVIDUAL - CAMPUS 'OS PATOS'

DATOS DO RESPONSABLE DO/A MENOR

NIF	NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
PROVINCIA	CONCELLO	ENDEREZO	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DO/A MENOR

NIF	NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
DATA DE NACEMENTO	IDADE	DECLARA QUE SABE NADAR E/OU TEN CAPACIDADE DE FLOTACIÓN (ESPECIFICAR)	PADECE ALGUNHA DIVERSIDADE FUNCIONAL?
SOFRE ALGÚN PROCESO ALÉRXICO OU SIMILAR? INDICAL CALES E/OU OUTRAS OBSERVACIÓNS A TER EN CONTA			

CAMPUS	/QUENDA (DATAS)	/ CÓDIGO DA ACTIVIDADE (MARCAS CUN X)	
	/	/	1ª OPCION
	/	/	2ª OPCION
	/	/	3ª OPCION
	/	/	4ª OPCION

DECLARACIÓN RESPONSABLE MATERNA/PATERNA/TITOR/TITORA DE QUE O/A MENOR SABE NADAR E/OU TEN CAPACIDADE DE FLOTACIÓN

Declaro que o meu fillo **sabe nadar e/ou ten capacidade de flotación** para os efectos de poder asistir a esta actividade.

DECLARACIÓN XURADA DO/A RESPONSABLE DO MENOR

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos que figuran nesta solicitude, coñecendo as normas de participación e inscrición.

O Concello de Barbadás como responsable do tratamento, infórmalle que os seus datos, solicitados directamente do propio interesado ou de terceiros que os facilitan no seu nome, trátanse de acordo aos principios de aplicación esixibles polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa de aplicación. En todo momento o Responsable do tratamento trata os datos de maneira lícita, leal e transparente, de acordo á finalidade e de forma o máis exacta posible, garantindo a integridade e confidencialidade dos mesmos. O tratamento de datos realízase coa finalidade de tramitar as solicitudes de praza nos campamentos urbáns e posibilitar a súa participación. O tratamento de datos é necesario para o cumprimento dunha misión de interese público e o cumprimento dunha obriga legal determinada pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local. Os datos poden ser comunicados empresas prestadoras de servizos e a forzas e corpos de seguridade e sempre que unha obriga legal así o determine. Así mesmo, o responsable do tratamento comunique que os datos se conservarán durante o tempo necesario para o cumprimento das finalidades descritas e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar delas. O interesado pode exercer os dereitos de acceso aos seus datos persoais, de rectificación dos datos inexactos ou incompletos, de portabilidade, de supresión dos seus datos, cando entre outras circunstancias xa non sexan necesarios para os fins que motivaron a súa recollida, e os dereitos de limitación do tratamento en determinadas circunstancias e oposición ao seu tratamento e a non ser obxecto dunha decisión baseada unicamente no tratamento automatizado dos datos persoais, incluída a elaboración de perfís. Para iso debe de dirixirse ao Concello na Rúa Cimadevila, 1 - 32890 Ourense. Email: concello@barbadas.es Se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente, poderá presentar unha reclamación ante a autoridade de control en www.aepd.es.

A dirección do centro pide o consentimento ós pais/nais ou titores legais dos menores para poder realizar e publicar fotografías das actividades deste programa nas que os/as rapaces aparezan de forma individual ou colectiva, para a súa publicación en prensa e páxinas web do centro.

Sí damos o noso consentimento

Non damos o noso consentimento

_____, _____ de _____ 2022	SINATURA DO/A RESPONSABLE DO MENOR
<i>Lugar e data</i>	